



PERSPECTIVAS

En galego, o que ti queiras

A fotografía corresponde á presentación dunha campaña a prol do galego na Universidade de Santiago. 'En galego, o que ti queiras' foi o lema dunha exitosa campaña que foi desenvolvida conxuntamente pola Universidade compostelá e mais pola Mesa pola Normalización Lingüística.

No centro da fotografía vemos ó que foi rector da Universidade de Santiago, o profesor da Facultade de Historia Ramón Villares fa-

cendo uso da palabra no acto de presentación da campaña ós medios de comunicación. Á súa dereita o que foi presidente da Mesa, Xosé Manuel Sarille; e á esquerda do daquela rector compostelán aparece o profesor da Facultade de Filoloxía Henrique Monteagudo.

A campaña a prol do uso do galego, que se desenvolveu no ano 1991 foi unha das máis exitosas das que se desenvolveron no seo da institución compostelá.

Instituto 'Salvador de Madariaga'

Dependente da Universidade da Coruña, o Instituto Universitario de Estudios Europeos 'Salvador de Madariga' ten como fin o coñecemento das relacións internacionais, e en particular no referente ó proceso de integración europea e á participación de Galicia neste proceso.

Un novo 'Caderno' da Real Academia Galega

Cinco artigos e dúas recensións completan o volume

A Real Academia Galega acaba de sacar do prelo o volume do segundo semestre do 1998 do seu *Cadernos de lingua*. Mauro Fernán-

Universidade de Bristol, estudia as actitudes e os comportamentos relativos ós cambios de código en Santiago de Compostela. O traballo

dente en Santiago de Compostela".

Por último Rexina R. Vega, da Universitat Autònoma de Barcelona, fai unha análise